


# APOD NASA 2014

UN ANO DE ASTRONOMÍA EN GALEGO



INTERNATIONAL  
YEAR OF LIGHT  
2015

20:00 horas ▪ Xoves, 22 de xaneiro de 2015  
Ateneo de Ourense ▪ Av. Habana, 25

**CRÉDITOS DA IMAXE**

Geert Barentsen & Jorick Vink (Armagh Observatory) & the IPHAS Collaboration  
Título: Monstros de IC 1396  
Primeira foto publicada no [www.apodgalego.com](http://www.apodgalego.com) o 25 de abril de 2011



X. Dositeo Veiga

Lic. Física. Esp. Fundamental ▪ Tradutor da web [apod.nasa.gov](http://apod.nasa.gov)  
[www.apodgalego.com](http://www.apodgalego.com) ▪ Twitter: @dosiveiga



# APOD NASA 2014

O **Astronomical Picture Of the Day** da NASA é unha das webs máis antigas (desde 1995) que funciona a cotío. Cada día publica unha fotografía de temática astronómica comentada. Ao longo dun ano, os temas que se publican son do máis variado, o que nos permite construír con estas fotos un percorrido moi interesante polos temas que trata a astronomía e as últimas novidades e descubrimentos da ciencia.

Tanto a web como esta charla están dirixidos a un público xenérico e non especializado, coa intención de contribuír á divulgación da ciencia en xeral e a astronomía en particular. Desde hai varios anos, e xa unha tradición que un dos autores da web da NASA, Jerry Bonnell, dea unha charla xusto despois das vacacións de nadal en New York, recompilando as fotografías máis destacadas do ano anterior. Agora queremos introducir esta tradición de aninovo en Galicia, da man dun dos tradutores ao galego. A actividade se encadra no Ano Internacional da Luz 2015 que se inaugurou pola Unesco en París o pasado 19 de xaneiro.

O relator, Dosi Veiga, licenciado en física pola Univ. Santiago de Compostela, conta con máis dunha década de actividades variadas no campo da divulgación científica. Colabora como socio en varias asociacións de astrónomos afeccionados (AstroVigo e Ourense Astronómico) e forma parte das xuntas directivas da Asociación Galega para a Comunicación e a Cultura Científica e Tecnolóxica ([www.divulgacion.org](http://www.divulgacion.org)) e a Federación de Asociacións Astronómicas de España.

Esta mesma charla vaise facer nas cidades de Ourense, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. É o responsable principal da tradución ao galego do APOD da NASA desde abril de 2011, en [www.apodgalego.com](http://www.apodgalego.com) e desde novembro de 2014 en [www.gciencia.com](http://www.gciencia.com). Entre os anos 2007 e 2010 colaborou tamén coa versión en castelán. En total, máis de 2000 imaxes e textos traducidos.